

Bloque

Teo

Número 1. Epoca 1ª / Xullo 2007

Envío Postal sen enderezo



Compromiso

O pasado 27 de Maio a cidadanía activa do Concello de Teo decidiu co seu voto un cambio de goberno. Ese voto permitiu establecer os piares para mudar as maneiras de facer as cousas así como darnos a posibilidade de poñer en practica o

ideario do BNG defendido durante todos estes anos con lealdade e coherencia nas institucións municipais. Sabemos que este troco non se limita a unha baila de caras ou a unha osixenación institucional se non que vai mais aló pretendendo inverter as políticas clientelares, irregulares e escurantistas que ata o de agora padecíamos por estes lares.

O voso desexo é o noso compromiso, o voso voto é o noso contrato asinado coa cidadanía.

Sabemos tamén que a situación herdada é moi complicada pero tamén somos conscientes que contamos cun capital humano de ilusión, xenerosidade e compromiso que calquera partido quixera

para transformar unha situación difícil.

Eu, Rafael, Carmen, Andrés, Carme e Anxo somos tan só a visualización dun proxecto colectivo que agromou o pasado 27 de Maio despois de anos e anos de traballo. Concello transparente sen apriorismos, lealdade insubornable cos intereses colectivos e o compromiso de gobernar pra o conxunto da cidadanía sen esquecer o proxecto político é a encomenda que asumimos como propia.

Tan só me queda agradecervos o voso apoio e transmitirvos o meu compromiso persoal e vital para mudar esta situación. Despois do dito e o falado, agora tan só fai falla converter eses apoios en feitos.



Edita: BNG TEO

Un centro de día e a promoción de meirás medidas do novo goberno

Neste Pleno o Alcalde, Martiño Noriega, deu conta da delegación de responsabilidades no seu grupo de goberno, á espera que as negociacións co PSOE dean paso a un goberno de coalición estábel.

Ao primeiro pleno desta nova lexislatura non lle faltaron sorpresas nin grandes logros. As xestións realizadas polo goberno municipal no seu primeiro mes, permitiron o compromiso coa Consellería de Vivenda e coa Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, para a construción en Teo dun edificio que albergará na planta baixa un Centro de día que dará amplos servizos aos nosos maiores e, arriba, vivendas protexidas en réxime de aluguer para facilitar a emancipación da xente moza. O acordo conseguido resulta moi beneficioso para o Concello, xa que a Consellería de Vivenda se fai cargo dos custes de construción do edificio e Vicepresidencia asume todos os custes de mantemento e xestión do Centro de día. Para este fin o concello cedeulle á Xunta unha parcela na urbanización Campo de Mirabeis, nas Galanas, que o anterior goberno tiña destinada para a venda no mercado inmobiliario.

O novo goberno racha así cunha perversa tradición neste Concello, que era desprenderse mediante venda de todos os terreos que as promotoras urbanísticas tiñan que ceder por lei (o 10% do solo), e que originalmente estaban destinados a servizos municipais e dotacións de carácter público.

Teo ten unha gran deficiencia de solo público municipal no que programar as infraestruturas que necesita, por exemplo un edificio socio-cultural de uso polivalente, pola

venta sistemática destas cesións nas últimas décadas.

Neste Pleno o Alcalde, Martiño Noriega, deu conta da delegación de responsabilidades no seu grupo de goberno, á espera que as negociacións co PSOE dean paso a un goberno de coalición estábel. Áinda que, por desgraza, algúns feitos demostraron máis tarde que este obxectivo necesitará moitos esforzos, xa que o PSOE deu prioridade a garantirse unha dedicación exclusiva na oposición fronte á opción de integrarse no goberno. De calquera xeito, e porque o Concello esixe actuacións urxentes, a Alcaldía fixo as seguintes delegacións de responsabilidades:



Educación e mocidade
(2ª Tenencia de Alcaldía):
Carmen Diéguez González



Urbanismo, vivenda e infraestruturas
(1ª Tenencia de Alcaldía):
Rafael Sisto Edreira



Cultura, Deportes e Comunicación social
(3ª Tenencia de Alcaldía):
Carme Hermida Gulías

vivendas públicas en aluguer, pri-



**Igualdade, benestar e
Servizos básicos**
(4ª Tenencia de Alcaldía):
Andrés Fernández Martínez



**Desenvolvemento local,
transportes, turismo, emprego e
participación veciñal**
(5º Tenencia de Alcaldía):
Anxo Rey Martínez

A Alcaldía resérvase as competencias de Persoal e Réxime interior, Economía e Facenda, Seguridade, Sanidade e consumo, e Medio natural.

Para desenvolver este traballo, a Alcaldía propuxo tres dedicacións exclusivas e media, deixando algunha das anteriormente existentes sen cubrir para o momento no que o PSOE se sumase ao acordo de goberno. Dende o punto de vista económico, a proposta da Alcaldía supuña menos gasto que o existente na actualidade, xa que a situación das arcas municipais non permiten excesivos esforzos económicos. A sorpresa foi comprobar como a proposta da Alcaldía era derrotada polo acordo fraguado entre o PP e o PSOE que se aseguraban, cada un deles, unha dedicación exclusiva de 38.000 euros brutos ao ano. Grazas á iniciativa do PSOE, Armando (ou quen designe o PP) vai cobrar o mesmo que calquera dos concelleiros de goberno, pero na casa, sen ningún tipo de obriga de cara a cidadanía, e outro tanto pode dicirse da dedicación exclusiva que o PSOE terá na oposición.

Ao final, as retribucións quedaron do seguinte xeito: a Alcaldía con 47.195,40 euros brutos ao ano (a que xa tiña o anterior Alcalde), os concelleiros/as de Urbanismo e de Educación con 38.000 euros brutos ao ano cada un (o que xa cobraba Parajó), mentres que a dedicación parcial de Cultura e Deporte supón 28.000 euros brutos. O persoal eventual reduciuse de tres a dúas persoas (xefatura de gabinete e responsábel de prensa), reducíndose

tamén a remuneración económica asignada. Os dous concelleiros/as da oposición cobrarán 38.000 euros, que haberá que sacar doutras partidas orzamentarias que aínda está por definir pero que, inevitablemente, irá en detrimento doutros servizos e inversión previstos para este ano: estradas, comedores, etc.

Por outra banda, designáronse aos representantes da Corporación nos órganos colexiados, que a proposta da Alcaldía foron os seguintes: Carmen Diéguez (BNG) no IES de Cacheiras e no CRA de Teo, Anxo Rey (BNG) no CEIP dos Tilos, Sandra Riveiro (PSOE) no CEIP da Ramallosa e Jano Leis (PSOE) no CEIP de Calo. Rafael Sisto (BNG) foi designado representante na Xunta Local de extinción de incendios e nas xuntas de compensación.

Outro tema de relevancia no Pleno foi a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal. A partir de agora os plenos serán mensuais, o último mércores de cada mes ás 7 da tarde, e neles poderán intervir asociacións veciñais ou sectoriais en defensa dos seus intereses. Cando estes vaian ser tratados no pleno, poderán solicitar a súa participación cun día de antelación, permitindo así unha maior democratización da vida política e unha maior implicación dos veciños e veciñas. O novo ROM favorece tamén o acceso da oposición á información e á documentación, algo historicamente reclamado polo BNG e que agora dende o goberno nos comprometemos a facer.



Martiño Noriega: ALCALDIA

✓ Réxime Interno e Persoal

Conveniar coa Universidade de Compostela a realización dunha RPT (relación de postos de traballo) que delimite as competencias dos traballadores do Concello e profesionalice a administración pública potenciando un servizo a cidadanía próximo, áxil e resolutivo.

✓ Medio Natural

Inventariar, protexer e preservar os espazos naturais promovéndoos como un ben cultural de uso público e fonte de desenvolvemento económico. Velar polo cumprimento da lexislación e da normativa medioambiental, especialmente no caso de industrias molestas.

Conservar e restaurar as canles fluviais, prestando especial atención ás zonas de maior sensibilidade, como á da Burga, establecendo zonas de paseo á beira de ríos e regatos. Establecer en colaboración coa Consellería de Medio Rural os mecanismos que permitan optimizar a prevención e a loita contra o lume forestal no concello corrixindo os incumprimentos sistemáticos do goberno anterior neste sentido.

“ Vamos Realizar unha auditoría externa ”

✓ Economía e Facenda

Vamos Realizar unha auditoría externa que estableza un punto de partida na problemática herdanza economi-

ca do goberno anterior. Buscar mecanismos en colaboración co servizo de Intervención (contención do gasto, actualización das ordenanzas, etc) que doten de equilibrio presupostario ao Concello.

✓ Sanidade

Axilizar e efectivizar a cesión dos terreos de titularidade municipal que permitan a urxente construción do Centro Sanitario da Ramallosa. Garantizar a pervivencia dos centros de saúde de Calo e Os Tilos unha vez construído o novo centro.

✓ Policía Local

Axustar o persoal da Policía Local as demandas dun Concello como é o de Teo, dotando de contido as súas actuacións e investindo a súa potencialidade en seguridade viaria, educación e presenza cidadán.



Rafael Sisto Edreira: Responsábel de Urbanismo, vivenda e infraestruturas

Recibimos unha penosa herdanza, pero a nosa aposta é o futuro: cambiar o modelo, ofrecer servizos e integridade, e planificar pensando na xente e nas súas necesidades.

Na zona urbana o reto é humanizar, compensar os déficits, resolver a situación das urbanizacións non recepcionadas e intentar solucionar, incidindo na Xunta, aspectos do PXOM claramente inxustos. Na zona rural do concello cómpre crear as infraestruturas básicas e desenvolver os plans especiais de Protección e Rehabilitación que permitan o medre harmónico dos núcleos tradicionais e das súas zonas de ampliación, incluíndo a

súa parcelación. Outra das nosas prioridades é a creación dun polígono industrial que permita o desenvolvemento comercial e industrial do Concello.

“ Neste primeiro mes de goberno xa demos pasos orientados á creación de vivenda pública protexida ”

Neste primeiro mes de goberno xa demos pasos orientados á creación de vivenda pública protexida, neste caso de aluguer e para xente moza, en colaboración coa Consellería de Vivenda e coa Vicepresidencia da

Igualdade e o Benestar. Esta primeira actuación localizada no SAUR das Galanas complementarase con actuacións noutras zonas do concello que posibiliten unha oferta de vivenda protexida da que sempre carecemos.

No que respecta ás obras e infraestruturas estamos dando os primeiros pasos para a urxente elaboración dun Plan Director do saneamento e abastecemento que determine e dimensione as necesidades xerais, as prioridades, a rede aproveitábel e a programación temporal de obra. De cara ao próximo ano sacaremos a concurso público un servizo de coidado e mantemento de estradas, sen esquecer a necesidade de reformar progresivamente as vías de maior tránsito.



Carmen Dieguez González: Concellera de Educación e Mocidade

Bota a andar un novo goberno no concello de Teo e con el unha nova concellería. A *Concellería de Educación e Mocidade*. É de todos coñecido o compromiso do BNG de traballar pola educación pública e a súa vontade de atender as necesidades que o colectivo social da mocidade presenta. Desde o BNG sabemos que actualmente nestas dúas áreas está practicamente todo por facer e que a implicación da comunidade escolar, dos colectivos xuvenís, e de toda a cidadanía en xeral vai ser decisiva para que se poidan alcanzar os obxectivos que desde o goberno municipal nos propoñemos e que, de forma xeral, son os seguintes:

Na área educativa:

1.- Facer un estudo das necesidades e deficiencias que presenten os centros escolares e os seus contornos en relación coa súa conservación e mantemento e proceder, coa maior brevidade, á súa reparación e adecuación de forma que, cando comece o curso en setembro todos os centros estean

nas mellores condicións.

- 2.- Poñer en marcha o Consello Escolar Municipal, cando for posible. Mentres tanto crearemos unha Mesa Municipal de Educación onde estea representada toda a comunidade escolar.
- 3.- En colaboración coas ANPAS e outras institucións, pór en funcionamento nos centros públicos un servizo de atención aos nenos/as antes das clases (servizo con almorzo) e ao finalizar estas para que os pais e nais poidan compatibilizar o seu horario laboral co horario escolar dos seus fillos/as.
- 4.- Elaborar unha programación anual que nos sirva de referencia ao longo de todo o curso escolar, onde consten tamén as actividades que se van desenvolver ao longo do verán.
- 5.- Ademais, a nova concellería xestionará as axudas e subvencións, estando atenta tamén ás necesidades do concello en materia educativa, intentando cubrir novas demandas, como por exemplo, formación musical, e neste senso

traballarase para a creación dunha Escola Municipal de Música.

“crearemos unha Mesa Municipal de Educación onde estea representada toda a comunidade escolar”

Na área da mocidade:

- 1.- Proporcionar información, asesoramento e promover o asociacionismo xuvenil.
- 2.- Constituír o Consello Local da Mocidade.
- 3.- Elaborar un programa de actividades de carácter anual onde aparezan incluídos temas de interese para a xente nova: información sexual, voluntariado, deporte, participación en programas europeos, etc.

Esta concellería pretende sobre todo servir de motor dinamizador e espera que os principios protagonistas sexan realmente os sectores implicados.



Carme Hermida Gulías: Concellera de Cultura, Deportes e Comunicación Social

A Concellaría de Cultura, Deportes e Comunicación Social ocuparase, basicamente, do fomento da cultura e do deporte, do mantemento e bo aproveitamento das infraestruturas culturais e deportivas existentes, da creación doutras novas; da mellora e da creación de canles de comunicación coa cidadanía; da política lingüística e da conservación do patrimonio herdado.

É intención do BNG, e a miña en particular, que as actuacións que competen a estas áreas teñan como máxima o fomento do que é propio de Teo e sexa bo para Teo. Neste sentido potenciaremos o traballo das nosas asociacións e grupos e presentámoslo periodi-

camente á veciñanza de Teo. E para que as persoas implicadas no traballo cultural e deportivo, e toda a veciñanza, poidan aprender e gozar do traballo doutras persoas ou colectivos traeremos aquí eventos de calidade.

“potenciaremos o traballo das nosas asociacións”

A construción dunha grande infraestrutura cultural para realizar os eventos e para habilitar no seu interior espazos culturais será unha das tarefas en que empregaremos máis tempo. Asemade, fomentaremos de

tódolos xeitos posibles a existencia de actividades deportivas e culturais en todas e cada unha das parroquias.

E de todo o anterior informaremos á cidadanía a través dos distintos medios de comunicación municipal que poremos en marcha -unha radio e unha revista- ou redefiniremos -TV local. A páxina web, que vai ser remodelada, converterémola nun medio de comunicación de novas, nunha oficina virtual para realizar trámites administrativos e nun soporte para a difusión das asociacións, sociedades, comercios, empresas, etc.

E todo isto quere-molo facer nós en galego, pero non só, senón coa participación de todos e todas.



Andrés Fernández Martínez: Concellaría de Igualdade, Benestar e Servizos Básicos

Nesta concellaría atenderanse os seguintes servizos: escolas infantís de 0 a 3 anos, atención aos maiores, atención aos discapacitados, políticas de inclusión social, inmigrantes, emigrantes retornados e residentes no exterior, políticas de igualdade, prevención da violencia de xénero, información á muller. Tamén atenderemos as áreas de xogos infantís, parques e xardíns, alumeadado público, mobiliario urbano e redes de cable e gas.

Por falta de espazo indicamos só as accións que nesta área imos levar a cabo inmediatamente ou xa se fixeron.

Co fin de prestar o mellor servizo posible e de aforrar investimentos municipais, procuraremos a máxima colaboración da Vicepresidencia da Igualdade e Benestar. Por iso xa levamos ao primeiro pleno, e foi aprobada, a inclusión do noso concello no

Consortio Galego de Servizos Sociais.

“**proporemos a integración das actuais escolas infantís na rede pública**”

Tamén foi aprobada a cesión dunha parcela en Calo para a construción pola Concellaría de Vivenda dun edificio que na planta baixa levará un centro de día e nas outras plantas pisos de aluguer para mozos e mozas e persoas maiores

Temos intención de potenciar actividades de lecer nas que poidan participar todas as persoas maiores, pero tamén outras actividades formativas para este colectivo.

Tamen demandaremos a colaboración da Vicepresidencia da Xunta para unha mellor atención á poboación infantil.. Como primeiro paso proporemos a integración das actuais escolas infantís na rede pública. Tamén a construción inmediata de dúas novas escolas infantís: unha na Ramallosa e outra en Calo.

Nas áreas de recreo e parques infantís hai dúas tarefas urxentes. Primeiro proceder a limpálos todos.. Segundo: hai que adaptalos con urxencia ás condicións que esixe a lexislación relativas á seguridade. No alumeadado público empregaremos criterios de redución de consumo enerxético e un deseño máis acaído das novas farolas que se vaian colocar.

En pouco tempo colocaremos papeleiras nas zonas onde son máis necesarias.



Anxo Rey Mar: Concellaría de Desenvolvemento Local, Transportes, Turismo, Emprego e Participación Veciñal

Consecuentes coa nosa filosofía de achegar a administración municipal aos cidadáns, dende o grupo de goberno entendemos como unha das nosas prioridades o contacto directo e intenso cos veciños como un modo de participar realmente das súas preocupacións, de escoitar e atender as súas verdadeiras necesidades e de planificar a acción de goberno municipal con criterios de utilidade, rendibilidade social e eficacia.

En consecuencia, esta concellería volcará os seus esforzos na potenciación das relacións do concello cos administrados na procura constante de información que permita detectar as verdadeiras necesidades nas dis-

“**proporemos en funcionamento un novo Regulamento de Participación Veciñal**”

tintas parroquias. E nesta liña, proporemos en funcionamento dun novo Regulamento de Participación Veciñal que defina e facilite as canles de participación e relación dos colectivos cidadáns coa institución municipal e os seus representantes. Do mesmo xeito desenvolverá os mecanismos que permitan a progresiva incorporación dos colectivos veciñais á toma de decisións en materia orza-

mentaria en asuntos que afecten de xeito directo aos intereses e ao ben común dos seus representados.

Aspectos como o fomento do emprego, a dinamización comercial do concello, a potenciación dun verdadeiro sistema de transporte público ou a difusión dos recursos turísticos do concello deberán ser obxecto de atención prioritaria nestes próximos catro anos por parte do goberno municipal por entender que todas estas áreas son de grande importancia para tratar de construír un verdadeiro sentimento de arraigo e creación de comunidade nun concello que, como o noso, necesita dunha aposta decidida en favor da súa propia autoestima.



Galiza Nova

O 27 de maio do 2007 é unha data que a veciñanza de Teo, e máis especialmente todos os seguidores e seguidoras do nacionalismo galego, tardaremos en esquecer polo cambio histórico que se deu no noso concello. Este cambio non sería posíbel sen o apoio recibido pola Mocidade de Teo, moi esquecida ata o momento e que, non obstante, é o futuro do concello.

Por iso, tralo cambio de goberno, e coa entrada do BNG estase a apostar por políticas para a mocidade e que comezaron coa creación da Concellería de Mocidade, que dirixe a compañeira Carmen Diéguez. Outra iniciativa do novo goberno é

da concellería de Mocidade é a creación do Consello Local da Mocidade de Teo, organismo que ten por obxecto achegar posturas de consenso á hora de afrontar os problemas que afectan a Mocidade para lograr soluciónalos. Este organismo estará integrado polos responsábeis de mocidade de todos os grupos políticos do concello, así como de representantes de asociacións xuvenís, deportivas e culturais que traballan coa mocidade, e pola Concelleira de Mocidade.

Por esta razón o pasado 17 de xullo celebrouse a 1ª Asemblea de Galiza Nova de Teo tendo como punto principal, na orde do día, a súa constitución que se levou a cabo co apoio unánime da asemblea e marcaronse, ademais, as pautas de tra-

“o pasado 17 de xullo celebrouse a 1ª Asemblea de Galiza Nova de Teo”

ballo e o compromiso de traballar en concordancia coa Concellería de Mocidade para trasladar problemas e, o máis importante, solucións dinámicas para resolvelos.

Dende Galiza Nova, agrupación xuvenil do BNG, facemos un chamamento a tod@s aquel@s moz@s do concello que teñan unha ideoloxía e un sentimento nacionalista a se afiliar na nosa agrupación co fin de traballar e mellorar a vida da Mocidade do concello de Teo.

De cara o Cogoberno

O BNG realizou unha espléndida oferta para conseguir un goberno estábel co PSOE, que por agora non callou

O BNG segue sen pechar as portas a unha coalición de goberno co PSOE que plasmaría a vontade expresada pola cidadanía nas urnas. Con este obxectivo, e coa intención de non perderse en farragosos regateos, o BNG de Teo fixo unha oferta interesante que, polo de agora, non colma as aspiracións do Partido Socialista de Teo

A proposta do BNG resúmese en cinco dedicacións exclusivas que permitirían manter as previsións contempladas nos Orzamentos do Concello para este ano: a da Alcaldía, máis dúas para o BNG e dúas para o PSOE. Só habería unha única Tenencia de Alcaldía que sería para o portavoz do PSOE, tal e como prevé o pacto de

goberno previsto a nivel nacional. No que respecta ao reparto das áreas de goberno, o PSOE faríase cargo das concellerías de Planificación de Infraestruturas e Obras públicas, Educación, Mocidade, Medio natural e Emprego, responsabilizándose de toda a contratación de obra (incluídos os Plans provinciais), do deseño e investimento na rede de saneamento e abastecemento, e da xestión da recollida e tratamento do lixo.

Se miramos os orzamentos deste ano 2007, o PSOE xestionaría así un 42,40 % do total, mentres que o BNG xestionaría o 38,76% (Se sacamos os gastos fixos de persoal, ao PSOE corresponderíalle o

52,24% e ao BNG o 47,76%).

Esta proposta é incluso máis xenerosa que a realizada hai catro anos polo PSOE ao BNG en Ames, onde a relación era 5 concelleiros PSOE fronte a 4 BNG (mentres que en Teo a relación é 6 BNG e 4 PSOE).

Desde o BNG non perdemos a esperanza de que o PSOE de Teo acabe visualizando que a proposta presentada é unha ferramenta que permite o traballo mutuo e a colaboración. Queremos que o PSOE sexa tamén protagonista dun novo Teo, pero sen desvirtuar o mandato que recibimos dos veciños e veciñas, é dicir, sen variar a representatividade que nos foi dada a cada un nas pasadas eleccións.

A Contracapa



Dende agora en diante os días 27 de maio e 16 de xuño nos futuros calendarios de Teo haberá que marcalos como datas de interese histórico municipal, unhas datas que non conquerrían ese carácter se non chega a ser polo labor de todos/as os que colaboraron na campaña electoral e os que veñen apoiando as distintas iniciativas e actividades do BNG nos últimos anos.

As pasadas eleccións tiraron por terra o mito de que os soños non se poden facer realidade pois acadáronse dous obxectivos moi importantes; por un lado, Martiño converteuse en alcalde de Teo; e por outro, o BNG foi a forza máis votada, obtendo a vitoria na maioría das mesas electorais. Datos dos que estamos moi agradecidos a todo o Concello.

Estes resultados non se conseguen sen un importante labor previo que se debe á seriedade, á honradez e á constancia demostrada ó longo de todos estes anos de traballo e que fixo que o BNG gañase a confianza da maioría dos veciños e veciñas de Teo permitindo que cristalizase este proxecto. Non nos podemos esquecer de que moita deste importante labor é realizado por simpatizantes que, sen estaren afiliados ou afiliadas ao BNG, entregan o seu tempo e esforzo para servir de altafalante das nosas propostas e permiten que estas puidesen chegar a un maior número de teenses. Por iso queremos dende aquí facerlles unha mención especial.

Este labor non pode ser algo transitorio. O contrato coa cidadanía que referendou o BNG ten que ser algo que nos sirva para empezar a construír outro país, Galiza. E para iso necesitamos crecer como organización e aumentar a nosa base social, animar aqueles veciños e veciñas que queiran coñecernos a que se acerquen e nos fagan chegar as súas inquedanzas.

“As pasadas eleccións tiraron por terra o mito de que os soños non se poden facer realidade”

No BNG de Teo seguimos precisando da vosa axuda e colaboración coa esperanza de que no futuro a idea de país e de concello que dende o Bloque se transmite sexa a idea fundamental, sempre contando con todos e todas, escoitando e sabendo facer entender os nosos obxectivos. Axudando a crecer en cidadanía e principios. Creando, en definitiva, mais democracia co esforzo de todos.

Sabemos que hai moita esperanza e ilusión, estamos seguros que non defraudaremos, pero necesitaremos que manteñades sempre o apoio que nos destes agora.

Esperamos contar con todos e todas vós.

BNG Teo

Como contactar co BNG de Teo:

Teléfonos: xxxxxxxxxxxxxxxx

xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx

www.xxxxxxxxxxxxxxxxxx

